



|                   |                                                                                                                                           |
|-------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Obxecto:</b>   | Informe Estudio de Impacto Ambiental                                                                                                      |
| <b>Proxecto:</b>  | Parque Eólico Rodicio II                                                                                                                  |
| <b>Concellos:</b> | Maceda e Montederramo (Ourense)                                                                                                           |
| <b>Promotor</b>   | Greenalia Wind Power, S.L.U.                                                                                                              |
| <b>Remitido:</b>  | Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. |
| <b>Clave:</b>     | IN408A 2020/42                                                                                                                            |
| <b>Expte.:</b>    | 03.I.608.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía) IA3299/2021 (Servizo de Arquitectura)                                                          |

O 29.01.2021 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia un escrito da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación polo que se pon a disposición da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, na páxina web da Xunta de Galicia, o documento titulado: *Estudio de Impacto Ambiental del Parque Eólico Rodicio II. Concellos de Maceda e Montederramo (Ourense). Agosto 2020.*

De acordo co establecido nos apartados 2 e 3 do artigo 37 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* e nos apartados 1 e 2 do artigo 34 da *Lei 5/2016, do 4 e maio, do Patrimonio Cultural de Galicia* solicítase que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos técnicos de referencia.

#### ANTECEDENTES E FEITOS

O 15.07.2020 a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza a intervención *Evaluación de Impacto sobre patrimonio cultural Parque Eólico de Rodicio II (Maceda y Montederramo, Ourense)* (ED 102A 2029/446-0) dirixida polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia* (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia* (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia* (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental* (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia* (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia* (DOG núm. 20 do 01.02.2021)

De acordo coa documentación remitida, e en relación co Patrimonio Cultural, pódense facer as seguintes consideracións:

- O documento recolle a valoración ambiental do proxecto do PE Rodicio II, de 13,5 MW de potencia total, que constará de 3 aerogeneradores, de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, 107,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, cimentacións de aerogeneradores, gabias de cableado e rede de terras, e centro de seccionamento e control tipo PFU.
- A enerxía xerada polo parque eólico evacuarase á rede eléctrica a través da SET do parque eólico Rodicio, obxecto doutro proxecto independente.
- No Estudo de Impacto Ambiental (EIA) unicamente se analiza a Alternativa 1, pois considérase a máis viable económica e medioambientalmente. Tamén se sinala que nun estudo previo se analizaron dúas alternativas (1 y 2).
- O acceso xeral ao parque realizarase dende os vieiros internos do parque eólico Rodicio, partindo dende a zona de Outeiro do Peredo sae un vieiro en dirección Sueste que leva á posición dos aerogeneradores que se atopan non lugares de Monte do Viso e O Coto.
- Respecto ao patrimonio cultural, o apartado 6.4.5 *Patrimonio Cultural* sinala que non se identifica ningún elemento integrante do patrimonio cultural nin na zona de actuación nin nas súas inmediacións, polo que non hai afección ao mesmo.
- O apartado 6.4.6 *Patrimonio Arqueolóxico*, fai referencia á *Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural*, que se adxunta como documento independente ao EIA.
- O documento *Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural Parque Eólico Rodicio II* está asinado polo arqueólogo Enrique Álvarez Veira, da empresa Equite, quen sinala que dentro do ámbito de afección das obras non existen bens arqueolóxicos. Ao seu redor, no entorno da poligonal de estudio, existen dous elementos pero a tan gran distancia que





resultan por completo carentes de impacto real. Para a súa comprobación anéxase cartografía xeral da zona cos elementos arqueolóxicos máis próximos a poligonal do parque eólico, a saber RE 32043004 e TOP 32043002.

- De igual xeito, e en relación ao Patrimonio Cultural non se detectou ningún elemento de carácter arquitectónico ou etnográfico, salvo un valado tradicional xunto ao vieiro de acceso e á gabia de cableado próximo á SET Rodicio, actuacións que se executarán dentro do proxecto do parque eólico Rodicio.

As remocións de terras máis próximas do proxecto do parque eólico Rodicio II estarían a máis de 1 Km de distancia ao SE do valado tradicional, polo non se vería afectado. Non obstante, propónse no documento:

- Reflectir o tramo de valado e a súa área de cautela na planimetría de obra.
- De levarse a cabo remocións de terra na zona de cautela, estas deberán contar con control arqueolóxico.
- Executar a gabia polo lado oposto ao valado.
- Respecto aos impactos sobre o patrimonio cultural, no apartado 7 *Identificación e valoración de impactos*, non se identifican impactos sobre o patrimonio cultural en ningunha das fases (execución, explotación e desmantelamento), polo que non se recolle no apartado 9 *Medidas preventivas, correctoras e compensatorias* ningunha medida referida ao patrimonio cultural.
- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, e consultada a diversa cartografía e fotografía aéreas, así como os documentos do planeamento municipal, o plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, conséntase que ao SE da poligonal do parque atópase o elemento arqueolóxico RE 32049002 *Estrutura lítica de Penas do Vieiro-Monte Murriosa* que non está recollido no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural e que podería verse afectado polas obras de implantación do aerogenerador nº 3.
- Non se concretan no EIA as actuacións que será necesario realizar para acondicionar os accesos ao parque eólico desde as estradas xerais, que coincide cos accesos ao parque eólico Rodicio. No caso de que se constrúa antes o parque eólico Rodicio II, a súa documentación non permite valorar se existen elementos do patrimonio arqueolóxico e cultural (antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) que se poidan ver afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).

## INFORME

Á vista do anterior, cómpre completar a Avaliación de Impacto sobre o Patrimonio Cultural tendo en conta as seguintes consideracións:

- É necesario avaliar e corrixir o impacto do aerogenerador nº 3, e a súa infraestrutura asociada, sobre a *Estrutura lítica de Penas do Vieiro-Monte Murriosa* (RE 32049002).
- Dado que o parque eólico Rodicio aínda non está construído, con carácter previo ao inicio das obras deberase presentar un documento no que se detallen e avalíen as actuacións a realizar nos accesos desde as estradas xerais e no tramo que coincide cos accesos ao parque eólico Rodicio, para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc...). Identifícanse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aerogeneradores (xacementos arqueolóxicos, hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorárase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
- Respectaranse as medidas protectoras sinaladas na Avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural respecto ao valado tradicional identificado nas inmediacións da SET Rodicio.

Documento asinado electronicamente en Santiago de Compostela  
A directora xeral do Patrimonio Cultural

M<sup>a</sup> Carmen Martínez Insua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Ourense da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

